

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 11:45 h

A idoneidade da interpretación individual dos dereitos lingüísticos
Miguel Moreira Barbeito, Universidade de Santiago de Compostela

«A lingua propia de Galicia é o galego».

Estas son as oito palabras que aparecen no artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía. Oito palabras traídas aquí sen manipulación ningunha, citadas textualmente e sen modificacións. Coido que son tan claras que amentándoas xa non tería máis que dicir, porque nelas está recollida a resposta a todos os problemas dos que falar puideramos.

Porén, á vista da situación actual, semella que non é tal, senón que precisamos algunha aclaración.

Como ben sabemos, estamos a vivir máis unha vez un momento complicado de máis para a nosa lingua. Mais os tempos de sermos agoreir@s son pasados, cómpre manifestar unha actitude de cambio, positiva e máis combativa.

No artigo 1.2 da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (DUDL, de agora en diante) podemos ler o seguinte: «esta Declaración parte do principio de que os dereitos lingüísticos son individuais e asemade colectivos». Deste xeito tan rotundo da comezo a DUDL, pechando toda a posíbel polémica arredor da consideración dos dereitos lingüísticos que agora nos ocupa.

Porén as cousas non estarán tan claras cando hoxe segue a ser motivo de controversia. A cuestión é, segundo G. Sanmartín (2009b: 124), que «non podemos resolver temas complexos como se fosen simples» e a interpretación dos dereitos lingüísticos como individuais ou colectivos é un asunto que precisa ser tratado con vagar, peneirando ben as solucións ou posibilidades que nos aporta cada unha das opcións.

Dentro do sector de persoas preocupadas polo futuro do galego desde aquí, isto é, desde o país, case que todas están convencidas de que a perspectiva colectiva resulta a máis acaída. Son moitos os casos de estudos@s e especialistas que manifestaron o seu parecer desde hai xa décadas. Podemos traer aquí as opinións de F. Rodríguez ao respecto do concepto de lingua materna, onde se decanta a favor da interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos. O autor sinala no seu célebre *Conflicto lingüístico na Galiza* (1998⁴: 137) que:

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)

O concepto de lingua materna está elaborado para non recoñecer o carácter social da lingua, ocultando así, nos casos de diglósia, que as únicas saídas, para normalizar a lingua propia, son de tipo colectivo, global [...]. É, pois, un concepto apoiado nun empirismo burgués, no individualismo e na falta de análise sociolóxica.

Pola súa parte, cinguindo nunha mesma proposta a defensa da interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos coa procura do emprego dun galego de calidade, G. Sanmartín (2009b: 131) sostén que:

Entre as virtudes desta nova etapa para a lingua estaba a de podermos transmitir con entusiasmo as doses de seguranza lingüística necesarias para recuperar non só o dereito a se construíren en galego as persoas que o así decidiren senón tamén o goce estético e o pracer de posuírmos unha lingua en que nos identificar e con que traballar para, desde a heteroxeneidade e a diversidade, ofrecer distintos rexistros e niveis de lingua [...]. Que diso é do que estamos a falar, do dereito a ser, do dereito a existir, do dereito a falar, do dereito a sermos escoitadas (as outras voces).

O certo é que vivimos tempos de grandes retrocesos en cuestións lingüísticas. Aqueles pasos, tímidos, coitados, que se deran cara adiante están a ser desandados. Tal e como sinala C. Junyent (1998: 11), «as linguas son espazos de liberdade» e, segundo ela, «isto é algo que saben moi ben aqueles que as suprimir pretenden». É así como a promesa electoral de derrogar o decreto 124/2007, do 28 de xuño, que regula(ba) o emprego e a promoción do galego no ensino non universitario, fíxose firme coa chegada do novo goberno.

Máis unha vez procuran desde o goberno o bilingüismo para o noso país (pretenciosamente chamado harmónico noutro tempo), porén sabemos que tras el se agocha un non tan encuberto monolingüismo español con ansias imperiais. Anhelan unha presunta igualdade entre as linguas, mal chamadas, cooficiais, mais, en palabras de M. P. García Negro (2009: 17), «¿en que arcadia e en que momento histórico existiu tal igualdade?; ¿como e cando se rompeu a idílica cohabitación?; ¿como se explica o avance do español e o retroceso do galego?» A autora salienta que os primeiros en coñecer a inviabilidade destes argumentos son quen propugna(ba)n o bilingüismo como medida salvífica da actual realidade lingüística, procurando con ela a presenza mínima do galego.

Segundo M. P. García Negro (2009: 23), non resulta posíbel aplicar o adxectivo bilingüe á sociedade galega debido a xa tradicional situación de desigualdade existente entre o galego e o español. Máis acaída para a nosa realidade resultaría a denominación de diglósica, aínda menos desexábel que a de biligüe. De acordo coa autora, dita diferenza ocasionaría que os partidarios do pretendido bilingüismo reclamasen para o galego un emprego máis rigoroso así como a recuperación dos usos perdidos (ou mellor, roubados), dado que a frecuencia de emprego destes dista abondo da paridade.

A intención do novo xefe do executivo galego é permitir que tanto as nais e pais d@s discentes como @s docentes teñan a potestade de elixiren a lingua en que se expresaren dentro do sistema educativo, o que nos conducirá á guetificación da escola galega, xa non por razón de sexo como era habitual hai poucas décadas, senón por razón de lingua. Esta decisión vulnera claramente os dereitos humanos, xa que no artigo 2.1 da Declaración Universal de Dereitos Humanos [DUDH, de agora en diante] garántense todos os dereitos recollidos na declaración sen ningún tipo de distinción por criterios de cor, sexo, relixión ou

lingua, entre outros. Segundo L. Villares Naveira (2009: 152-153), ademais de contravir a DUDH, esta proposta resulta inconstitucional por diversos motivos:

- a) Porque non existe o dereito a que os pais ou nais podan decidir que o seu fillo/a non adquira competencia lingüística nunha das linguas oficiais -o galego- (SSTC 337/1994 e 134/1997);
- b) Porque o poder público ten o deber de garantir que os seus cidadáns van poder escoller o idioma no que falen cando acaben os seus estudos, cousa que só se poderá facer se estes teñen competencia lingüística en ambos (SSTC 10/1981, 27/1981, 87/1987 ou 337/1994);
- c) Porque o dereito á educación é prestacional e corresponde ao poder público a configuración do servizo, que debe garantir en todo caso a capacitación lingüística en ambos idiomas (SSTC 337/1994 e 134/1997);
- d) Porque os pais carecen de ningún dereito de carácter constitucional que lles confira a facultade de escoller a lingua na que se lle ensina aos seus fillos (STC 337/1994) e quen emprega publicamente a expresión “dereito dos pais a escoller a lingua do ensino dos fillos” sabe que se sitúa fóra da doutrina constitucional;
- e) Porque o establecemento de sistemas optativos de escolarización con prácticas segregacionistas debe asegurar para o nivel máis baixo de aprendizaxe en lingua galega a competencia lingüística neste idioma (SSTC 87/1983, 88/1983 e 337/1994), algo que hoxe non se garante nin co sistema vixente, polo que de formularse esta hipótese a liña educativa de menos oferta en galego non deba ser inferior ao 50% (STC 87/1983 e 88/1983), o que tampouco resulta satisfactorio [...].

O argumento esgrimido polo goberno vai moi na liña do pensamento dalgúns colectivos que porfían en defender o emprego do español dentro do país, apoiándose na pretendida cooficialidade deste e na suposta discriminación dos descendentes de falantes de español en Galiza que están a ser educados, segundo eles, nun contexto de desprestixio e marxinación, que supostamente repercute nos seus expedientes. Dito argumento contradí non só a Constitución española senón tamén a lei máxima que rexe o noso país, o Estatuto de Autonomía, xa que tal e como sinala L. Villares Naveira (2009: 141) o único xeito de salvagardar o dereito estatutario de empregar calquera lingua cooficial é garantir a competencia lingüística en ambas as dúas desde o sistema educativo.

O autor sostén (2009: 146), ademais, que o dereito á igualdade reclamado desde os colectivos galegófobos suporía tratar de xeito desigual os cidadáns, ocasionando posibles contextos de exclusión social ou lingüística, chamando a atención sobre o importante feito de que non existe o dereito ao descoñecemento das linguas cooficiais e que corresponde ao goberno garantir o acceso a ambas as dúas linguas.

Pretendidamente esquecen sinalar desde estes sectores radicais do imperialismo español o que acontecerá co desenvolvemento dos dereitos individuais do alumnado que desexe recibir un ensino galego e en galego, mais que se atope (e atopa de facto) cun profesorado maioritariamente falante de español. Ulo respecto polos dereitos lingüísticos individuais que tanto propugnan á inversa?

A actitude deste sector da poboación galega, manifestamente contraria ao desenvolvemento da lingua de noso, salienta a improdutividade de aprendermos galego na escola debido ao escaso proveito que poderemos tirar del no futuro ademais do moito esforzo investido, segundo eles, para o aprender. A este

respecto salienta L. Villares Naveira (2009b: 3) que: «quizais teñamos que [...] combater a idea de que todo aquilo que non é útil, que non é práctico a moi curto prazo non vale.»

Baixo esta óptica capitalista, baseada unicamente na produtividade, na lei do esforzo-beneficio, promociónase a aprendizaxe de linguas foráneas sen importar o traballo investido e máis as horas dedicadas á súa adquisición, porque estas linguas posibilitan unha proto-promoción social (ula?).

Rexeitan a normativa vixente por a consider allea e estigmatizada ideoloxicamente, falan de ditadura, de inversión dos roles, califican de «revanchismo» a tentativa de restaurar unha mínima existencia agredida», de acordo con M. P. García Negro (2009: 12), tentando facernos ver que non podemos mudar unha imposición por outra, de igual maneira que se insiste burdamente en que o feminismo non pode vir a suplantar o machismo, como se fôr unha mesma cousa. Porfían en non acataren o criterio d@s especialistas, algo que non deixa de ser sorprendente, por inusual noutros eidos.

Como calquera outro país de occidente, estamos inmers@s no capitalismo, carrexando aínda hoxe as rémoras do liberalismo económico decimonónico. Un sistema económico que non dubida á hora de pasar por riba do ecosistema e mesmo da dignidade das persoas, preocupado unicamente pola produción de novo capital procurando o mínimo custo e esforzo. De aí que sosteña a inviabilidade de protexer unha lingua minoritaria ou unha cultura numericamente cativa, debido á improdutividade dunha acción tal. Isto é así porque «pretenden aplicar os criterios das leis do mercado tamén á cultura e á lingua», tal e como sinalan desde Nova Escola Galega (2009: 2). Esta sociedade descafeinada, ateigada de mentes alienadas, móvese unicamente polo seu propio interese, non importan os valores éticos, non venden, falando en termos do capital. Cómpre pois non esquecermos que «a defensa das linguas [...] non debe facerse cos criterios do mercado, co tan ben acollido hoxe criterio da utilidade», segundo L. Villares Naveira (2009b: 7).

De acordo con M. P. García Negro (2009: 20), na actualidade está a se confundir de xeito deliberado impoñer o galego con poñer o galego. Porque, segundo ela, o que até o momento se fixo non foi máis que poñer o galego naqueles contextos, poucos, de uso público ou oficial, porén de xeito moito máis anecdótico que efectivo. Ademais a imposición do galego non viría máis que a establecer o principio básico de igualdade (simbólica) do bilingüismo e a cooficialidade que tan pomposamente reclaman.

De calquera xeito, comezaremos a falar de imposición do galego cando un só estudante remate en Galiza o ensino secundario obrigatorio e sexa analfabeto disfuncional en español. Até entón a imposición é claramente á inversa, tal e como sostén a autora.

C. Junyent (1998: 177) considera máis oportuno optar pola defensa dos dereitos colectivos, na liña da sociolingüística galega, antepoñendo as necesidades básicas da comunidade lingüística ás propias dos individuos. Segundo a autora soamente podemos garantir o cumprimento dos dereitos individuais asegurando os colectivos, sendo este o proceder máis acaído para o hic et nunc, isto é, para este momento en que se están a negar desde o estado español os dereitos lingüísticos @s falantes de galego, éuscaro e catalán. O certo é que aos galeg@s está a se nos arrogar o dereito lingüístico individual de vivirmos en galego en

Galiza e máis o dereito lingüístico colectivo de existirmos como comunidade, como país.

Porén este posicionamento maniféstase menos válido á hora de defender os dereitos lingüísticos d@s inmigrantes, refuxiad@s ou apátridas. Como defender os dereitos lingüísticos daquelas persoas pertencentes a minorías lingüísticas e que están fóra do seu territorio de orixe? A única alternativa sería a procura dos dereitos lingüísticos individuais. Desde a óptica da lingüística máis comprometida coa realidade non debemos esquecer a situación en que sobreviven moit@s falantes de linguas minoritarias que moran, por motivos políticos ou económicos, fóra dos seus territorios de orixe.

En Galiza o problema da interpretación dos dereitos lingüísticos radica en que quen criminaliza o galego ampárase na presunta vulneración dos seus dereitos individuais, intentando «pasar por natural e espontánea a imposición do español», en palabras de G. Sanmartín (2009: 21).

Do mesmo xeito, ao respecto do concepto de dereito lingüístico, M. P. García Negro (2009: 26) comenta que reivindicar un dereito para unha lingua sen problema algún de supervivencia supón «redundancia chauvinista ou, como é o noso caso, intento de neutralizar ou de aniquilar o dereito de uso da lingua galega, que din amparar e protexer as leis vixentes».

Velaí o paradoxo.

Como avogar pola interpretación dos dereitos lingüísticos individuais «[...] nun mundo en que o español é cada vez máis español e o galego tamén cada vez máis español» (G. Sanmartín, 2009b: 132), no momento histórico en que están a ser esgrimidos, os tales dereitos, como defensa do uso do español en Galiza?

Botemos unha ollada ao eido da lingüística xeral.

Segundo L. Villares Naveira (2009: 148) na lexislación internacional establécese que a prohibición de discriminación non supón só non facer diferenzas inxustificadas, senón tamén levar a cabo medidas positivas para equilibrar a situación dos elementos enfrontados. Dentro deste conxunto de medidas salienta a DUDL, que é, quizais, o texto lexislativo máis importante a nivel internacional preocupado polos dereitos lingüísticos.

O problema máis importante co que se atopou esta declaración procede da vinculación, case que exclusiva, dos dereitos lingüísticos ao territorio. Son moit@s @s autor@s que se posicionaron en contra de tal consideración, entendendo que a perperspectiva individual é a máis frutífera para a interpretación dos dereitos lingüísticos.

Deste xeito podémonos achegar ás opinións de T. Skutnabb-Kangas e R. Phillipson ao respecto. Salientan (1995: 12) que os dereitos lingüísticos son inherentes á persoa, mesmo cando esta abandona o seu país de orixe, sen importar a situación física e xurídica d@ falante. Ao mesmo tempo entenden que a consideración dos dereitos lingüísticos como individuais provoca unha irremediábel xerarquización na aplicación destes, de tal xeito que a lingua de instalación sería a maior beneficiaria da cobertura dos dereitos tales.

Segundo T. Skutnabb-Kangas (2000: 482), a linguaxe ten un tratamento moito máis pobre nos instrumentos internacionais dedicados aos dereitos lingüísticos ca outros atributos humanos. Na súa opinión, a presenza ou ausencia de dereitos

non pode deducirse de consideracións lingüísticas, senón que responde a intereses económicos. Asemade sostén (2000: 483) que a meirande parte dos dereitos humanos son individuais e que moitos dos dereitos lingüísticos aparecen nos artigos referidos ás minorías, sendo estes individuais. Os dereitos colectivos das minorías son ferramentas esenciais por medio das que estas acceden aos dereitos que as maiorías teñen garantidos como individuais.

A autora salienta que (2000: 563): «os conceptos de dereitos individuais e colectivos foron manipulados no apartheid de Sudáfrica de xeito perigoso». Mentres que M. P. García Negro (2009: 24) vincula o apartheid á ausencia de liberdade lingüística que caracterizou, e caracteriza, o noso país. Curioso que xustamente hoxe en día, cando se comeza a falar dos plans segregacionistas do novo goberno para o sistema educativo galego, escoitándose mesmo o termo apartheid para definir o tal proxecto, coincida cun momento de forte manipulación dos conceptos de dereitos lingüísticos individuais e colectivos. Demostrando así que a historia avanza circularmente e que todo se repite, semella que o goberno pretendese implantar un sistema educativo que garda perigosas coincidencias co apartheid.

L. Villares Naveira (2009: 155) sostén que coa segregación «se dá tratamento diferente a suxeitos que están en condicións idénticas (SSTC 76/1986, 148/1986, 27/1987 e máis recentemente 49/2005 e 57/2005) e dos que se pretende acadar idénticos obxectivos (arts. 3.2. CE, 5.2. EAG e SSTC 134/1997 e 337/1994), sen que nada nas súas condicións persoais ou sociais os diferencie».

De acordo con X. R. Freixeiro Mato (2009: 59-60), a perda da diversidade cultural e lingüística característica da sociedade actual baséase nunha serie de mitos carentes de significado. O autor salienta que o concepto de reduccionismo monolingüista de T. Skutnabb-Kangas foi tomado polos gobernos homoxeneizadores para «racionalizaren o xenocidio lingüístico» coartando deste xeito os dereitos humanos lingüísticos das minorías amparándose en que a reclamación da autodeterminación cultural antecede á de independencia.

X. R. Freixeiro Mato sostén que (2009: 60) a sociedade galega foi vítima de xenocidio lingüístico, tal e como o define T. Skutnabb-Kangas, debido a que a lingua foi arrincada do sistema educativo galego até hai uns trinta anos en que volveu timidamente, «e na actualidade, cando se intenta restabelecer a presenza desta lingua [...], desde aqueles mesmos poderes que antes prohibían o uso da lingua propia denúnciase tal intento como imposición e invócanse os mesmos dereitos lingüísticos que negaron con anterioridade.»

Con respecto á DUDL, T. Skutnabb-Kangas acerta absolutamente á hora de considerar que esta sustenta demasiados problemas por ter confundido o que deberían ser dereitos lingüísticos cos dereitos humanos relativos ás linguas, invertendo a importancia de ambos os dous conceptos. O certo é que en ocasións @s redactor@s da declaración incorren en determinados erros e contradicións que encamiñan á DUDL cara ao absurdo, de acordo con T. Skutnabb-Kangas (2000: 497).

A autora prefere diferenciar entre dereitos necesarios e dereitos orientados ao enriquecemento persoal. Dentro dos dereitos necesarios T. Skutnabb-Kangas distingue entre os dereitos necesarios individuais e os colectivos. Porén a contribución máis enriquecedora da autora ao respecto refírese aos dereitos necesarios individuais, xa que son os que sistematicamente non atopamos na

DUDL. T. Skutnabb-Kangas elabora dentro deles unha gradación ou xerarquía (2000: 498) e deste xeito permite diferenciar entre dúas realidades distintas que até o momento aparecían sempre dun xeito confusamente entrelazado.

T. Moure sinala tamén os problemas que sustenta a DUDL por considerar máis acaída a interpretación dos dereitos lingüísticos como colectivos ou territoriais, cando di (2003: 28):

Moi completa en matices e situacións, a DUDL é, ante todo, unha declaración posibilista e comedida, porque atende con esmero aos dereitos lingüísticos canto dereitos territoriais, vencellados ás comunidades de falantes, e insite menos en aspectos que poderían ser polémicos ou menos aceptados pola opinión pública. [...] Con todo, creo que a acusación máis grave que se pode facer á DUDL é, unha vez máis, a de ser marcadamente eurocéntrica. [...] Finalmente, ao contemplar os dereitos lingüísticos como dereitos territoriais, vencellados a un país ou a unha comunidade, a DUDL é insuficiente para garantir os dereitos dos desprazados, dos apátridas ou dos nómades.

F. Grin (1995: 33, 45) considera que os dereitos lingüísticos non poden ser concibidos como territoriais xa que de os presentar como colectivos atopariámonos irremediabelmente coa problemática da migración. Avoga por uns dereitos persoais que garantan a conservación da propia identidade lingüística, procurando sempre un concepto de multilingüismo moito máis amplo. Segundo el, no mellor dos casos, os dereitos lingüísticos dos inmigrantes non se ven recoñecidos polos gobernos municipais e provinciais até que estes non forman unha colectividade, minoritaria, o suficientemente ampla.

A DUDL manifesta ter un carácter marcadamente moderado ao contemplar os dereitos lingüísticos como territoriais e posibilita, deste xeito, a existencia de innumerábeis baleiros legais. Unha declaración desta natureza non considera casos tan problemáticos como o da poboación do Kurdistán turco. A pesar de formaren un colectivo cuantitativamente importante, a DUDL vese totalmente incapacitada á hora de garantir o respecto dos dereitos lingüísticos destes individuos. A poboación kurda é castigada, mesmo fisicamente, por empregar o kurdo, non está permitida a escolarización na súa lingua de instalación nin falala en público e tampouco non é posíbel no estado turco poñer nomes kurdos ás crianzas.

Como vemos, tras a consideración dos dereitos lingüísticos desta declaración como individuais e colectivos agóchase un carácter marcadamente evasivo de toda responsabilidade ante este tipo de situacións. Mesmo se nos estamos a referir a unha comunidade tan numerosa como a d@s kurd@s a consideración dos dereitos lingüísticos como colectivos imposibilita o recoñecemento deles, facendo que subsistan no século XXI nunha situación de desleixo absoluto. Porén se a consideración dos dereitos lingüísticos como individuais fose a máis estendida (ou a única posíbel), situacións como esta non terían cabida, en tanto que todo individuo sería respectado, sen importar se existe ou non unha comunidade numericamente importante que o respalde, sen importar que sexa a lingua maioritaria ou a lingua que detén o poder no seu territorio.

Concibir os dereitos lingüísticos como individuais faría que fosen respectados @s falantes de linguas diferentes ao afrikaans en Sudáfrica, @s falantes das linguas nativas de México, @s falantes das linguas propias de Papúa-Nova Guinea, ou, como non, @s falantes de linguas diferentes do español neste estado.

Isto non é un imposible, senón que é unha utopía. Un estado mellor ao que nos debemos dirixir, tendo sempre presente que outro mundo é posible. Utopía como unha realidade realizábel, utopía tal e como a define T. Moure, por exemplo no seu exhaustivo ensaio *O natural é político*, cando di (2008: 137):

[...] porque sen utopía non se podería entender que ninguén se puxese a andar en bicicleta e abandonase o coche, porque sen utopía ninguén se poría a lavar cueiros en vez de asumir o abuso da celulosa xa tan arraigado. Para acadarmos os obxectivos desexábeis resulta indispensable acordar as consciencias durmidas que non advertiron aínda a gravidade e a urxencia dos problemas. Toda dificultade se verá superada na medida en que se forme unha masa crítica coa vontade necesaria de transformar.

O certo é que non imos tirar proveito a curto prazo da consideración dos dereitos lingüísticos como individuais, porén isto non é motivo para non os considerar. Estamos a falar dun proceso lento, porén seguro e que augura un camiño certo; que, doutra banda, é o único que nos queda, xa que a interpretación colectiva dos dereitos lingüísticos está visto que non ofrece alternativa de futuro algunha: as linguas (incluída a lingua de noso) están a morrer máis rápido ca nunca e, ademais, o galego foi incluído no Libro vermello da UNESCO desde a edición de 2002. De querermos cambiar isto e frear a perda da diversidade lingüística, a opción dos dereitos individuais maniféstase como unha alternativa viábel.

É importante incidirmos na idea de que simplemente por non obter recompensas inmediatas non abandonaremos este proceso de (re)dignificación. Como lingua minorizada que somos, o noso camiño está composto por pequenos chanzos, porén significativos e non triviais.

M. P. García Negro (2009: 25) aclara que o concepto de dereitos lingüísticos é moi recente e que vén a concretar o de dereitos humanos proposto pola ONU tras a segunda guerra mundial. Trátase dunha noción que xurdíu como plataforma para as linguas que substitían (e subsisten) nunha situación precaria. Porén (2009: 25-26) «máis unha vez, en reviravolta cínica, un concepto que nace para a reclamación do uso de linguas prohibidas [...] é agora brandido polos conspicuos impositores de linguas cuxos falantes desfrutan folgadoamente de todos os dereitos». Esta situación pode aplicarse ao noso contexto: a lingua asolagada reivindica os seus dereitos mais a lingua dominante reclama para si propia os dereitos lingüísticos sendo esta como é unha lingua de proxección internacional, situada entre as tres máis faladas do mundo e que ten amplamente garantido o traspaso interxeracional dentro do seu territorio de orixe e mesmo fóra del.

Segundo F. Rodríguez (2009: 187):

Quen enarbora a bandeira da lingua española como única merecente de dereitos e deberes plenos. Quen non quer respeitar os dereitos individuais dos galego-falantes a vivir con normalidade na súa propia Terra. Quen nega que o galego sexa a lingua propia, orixinaria de Galiza. [...] O seu propósito real: unha Galiza sen galego.

Cómpre, pois, unir esforzos e reivindicarmos o noso dereito individual de vivirmos en galego en Galiza. Exixirmos individualmente e con convencemento o dereito a existir na nosa lingua no noso país, mais facéndoo por vontade propia,

construíndo un novo nós fortalecido porque a suma de cada unha das súas partes resulta maior que o todo orixinal.

Porén a consideración dos dereitos lingüísticos como individuais non abonda por si propia para rematar con todos os problemas que manifestan as linguas minoritarias hoxe en día. Senón que supón o primeiro e fundamental chanzo deste camiño que é preciso percorrer para pórmos freo á perda da diversidade lingüística.

Outro aspecto fundamental que non debemos esquecer pola súa utilidade, sobre todo nos países occidentais, é a procura dunha lingua culta e de calidade. Na actualidade o estándar do galego é tildado de vacuo e artificial, porén non esquezamos que todos os estándares, e non só o do galego, son abstraccións, linguas pulcras que responden ao esforzo dos seus creador@s. Variedades que strictu sensu non son faladas por ninguén, por non manifestaren variación algunha, mais que son precisas como elemento cohesionador. G. Sanmartín (2009: 19) comenta ao respecto da lingua estándar que é «por definición, unha construción».

Se algo nos ensinou o estruturalismo lingüístico, centrado no estudo pormenorizado dunha presa de linguas case que sempre indoeuropeas, é que unha lingua manifesta irremediabelmente variacións en función de distintos factores. Porén por moito que existan variacións intralingüísticas o estándar dunha lingua permanece inamovíbel, alleo a toda variación, salvo cambios menores (e escasos).

Moitos autor@s mesmo sinalan que non existen na actualidade rexistros na nosa lingua. Isto é así porque se estendeu entre @s utentes dela un emprego desleixado e carente de compromiso. G. Sanmartín (2009: 27) sinala no seu acertado e moi acaído ensaio, *Nos camiños do entusiasmo*, a importancia radical de empregarmos tod@s unha lingua de calidade, rexeitando o «imposto de coloquialidade para se indentificaren os falantes nel».

O doutor P. J. Goebbels, ministro de propaganda do goberno de A. Hitler, dixo: «unha mentira mil veces repetida convértese en verdade». Isto é o que sen dúbida debeu de acontecer co proceso de normalización do galego. Tantas veces se repetiu, e repite, que a variedade padrón supón unha creación ideoloxizada, falsa por antinatural, dando por boa a asimilación con respecto do español, que esta idea terminou por callar mesmo naqueles individuos non sospeitosos de seren contrarios ao galego, isto é, mesmo nos seus propios falantes.

As voces contrarias ao galego acusan a ideoloxización da lingua de noso, arrogando os dereitos lingüísticos d@s galeg@s, como se detrás do construto español non existise toda unha maquinaria política de ideoloxía marcadamente monolingüe, con claras pretensións colonialistas, imperialistas e etnicidas, en palabras de Moreno Cabrera (2009). Converten a riqueza que supón unha lingua propia nunha verdadeira maldición bíblica contra a que loitar. Non esquezamos que non só se acaba cunha lingua prohibindo o seu uso, tamén folclorizándoa, degradando o seu status, estigmatizándoa co propósito de a deslexitimar, na procura sempre da ruptura do traspaso interxeracional.

Do mesmo xeito que na paisaxe galega abrollan, como cogomelos no outono, exemplos de arquitectura antiestética, a lingua, como reflexo fidedigno da realidade, manifesta un estado de auténtico desleixamento.

Abofé que a situación actual das linguas do mundo non anima ao optimismo, por mor do incesante avance daquelas outras que non cesan no seu empeño de acadaren un espazo no mundo a cada vez maior. Porén debemos ser conscientes de que non todo está perdido para as linguas minorizadas, por tanto tampouco non o está para o galego. Ante a pregunta: que facer para atallar unha solución definitiva para o galego? A resposta é clara, de acordo con M. P. García Negro (1997: 286-287):

[...] só cabe defender para o galego a alternativa do monolingüismo social. [...] calquer concesión ao bilingüismo, calquer presenza promovida do español como acompañante forzoso, será lesiva para a lingua danada, o galego. Absurda, ademais, por supérflua, nun contexto como o galego onde as dúas linguas en litixio son próximas xeneticamente e onde toda a poboación ten, como mínimo, un coñecimento pasivo do galego.

Segundo ela (2009: 21), o normal en toda comunidade é que os seus membros poidan desenvolverse na súa lingua propia con liberdade, recoñecendo a completa valía desta para calquera uso ou contexto. Ademais sostén que o monolingüismo non é unha cuestión de patriotismo, senón que responde ao principio de economía lingüística.

Na liña do pensamento de S. Auroux (1996), quen sostén a necesidade do investimento en materia lingüística aínda cando isto supón dedicar menos recursos á cura do cancro ou do SIDA, debido a importancia vital da conservación da linguodiversidade para o devir da especie humana, C. M. Armas García (2009: 176) salienta que non existen debates de menor importancia, senón que tan prexudicial é que a Administración pública descoide as medidas en cuestión de salvamento marítimo, como «abandonar as súas funcións en materia de promoción lingüística.»

Como individuos involucrados na promoción do galego, é a nosa obriga sermos hoxe proselitistas, tratando de facer que acorde definitivamente esta sociedade anestesiada, porque, segundo G. Sanmartín (2009b: 133), se como colectivo manifestamente preocupado pola nosa lingua propia pretendemos ser útiles á sociedade debemos colaborar para que o galego recupere o espazo que lle corresponde «como lingua en que, por vontade propia, decidimos pensar e (re)coñecer(nos).» Manifestando, como afirma X. M. Sánchez Rei (2009: 118), que non debemos considerar normal a situación de desequilibrio lingüístico en que sobrevive o galego, e non darnos por natural a imposición dunha lingua allea. Senón que:

Tales visións parten dunha óptica mononacional dos estados modernos, tremendamente centrípeta e negadora das realidades culturais e lingüísticas doutros territorios que, por motivos histórico-políticos, foron chamados a constituíren forzosamente as fronteiras modernas das estruturas estatais.

Para concluír só amentarei oito palabras que non debemos esquecer e que cómpre repetírmolas unha e outra vez: a lingua propia de Galiza é o galego.

Referencias bibliográficas

- Armas García, C. M. (2009): "A lingua no ensino: historia dunha imposición", en M. P. García Negro, ed. (2009), 159-183.
- Auroux, S. (1996): *La philosophie du langage*, Paris, Presses Universitaires de France.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), París. Reproducida en <http://www.un.org/es/documents/udhr/> [Consulta: 19-VI-2009].
- Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (1996), Barcelona. Reproducida en <http://www.galego.org/lexislacion/dudl.html> [Consulta: 16-VI-2009].
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): "A historia e dignidade do galego. De lingua enxalzada a lingua mortificada", en M. P. García Negro, ed. (2009), 31-66.
- García Negro, M. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vigo, Edicións do Cumio.
- _____ (1997): "A interpretación do conflito lingüístico galego. Alternativa", en G. Constenla Bergueiro, ed., *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra, 263-291.
- _____ (2009): "A lóxica do racismo lingüístico. A súa funcionalidade", en M. P. García Negro, ed. (2009), 11-30.
- García Negro, M. P., ed. (2009): *O galego hoxe. Radiografía do racismo lingüístico*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Grin, F. (1995): "Combining immigrant and autochthonous language rights: a territorial approach to multilingualism", en T. Skutnabb-Kangas & R Phillipson, eds., (1995), 33-45.
- Junyent, C. (1998): *Contra la planificación*, Barcelona, Empúries.
- Millán Ibáñez, L. C. (2000): "As orixes teóricas do nacionalismo galego. O pensamento de Herder na obra de Ramón Villar Ponte", en *Tempos Novos*, vol. 37, 42-44.
- Moreno Cabrera, J. C. (2008): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*, Barcelona, Península.
- _____ (2009): "La lingüística y el nacionalismo lingüístico español", conferencia pronunciada nas xornadas 10 anys de Filologia catalana a la UOC.
- Moure, T. (2003): "A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización", *Grial*, nº 160, 19-29.
- _____ (2008): *O natural é político*, Vigo, Xerais.
- Nova Escola Galega (2009): "A cuestión lingüística", en Opina, xuño de 2009, NEG.
- Rodríguez, F. (1998⁴) [1976: *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago de Compostela, Xistral, col. Alexandre Bóveda]: *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- _____ (2009): "Lingua galega e cinismo español", en M. P. García Negro, ed. (2009), 185-188.

- Sánchez Rei, X. M. (2009): "Ás voltas co significado da estandarización", en M. P. García Negro, ed. (2009), 95-121.
- Sanmartín Rei, G. (2009): Nos camiños do entusiasmo. Calidade de lingua e planificación, Vigo, Xerais.
- _____ (2009b): "(Re)Lexitimando a seguranza lingüística. Sobre a necesidade de afianzarmos un modelo culto para o galego", en M. P. García Negro, ed. (2009), 123-133.
- Skutnabb-Kangas, T. (2000): Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?, New Jersey, Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Skutnabb-Kangas, T. & R. Phillipson, eds. (1995): Linguistic human rights. Overcoming linguistic discrimination, Berlin, Mouton de Gruyter.
- Villares Naveira, L. (2009): "A inconstitucionalidade da segregación do alumnado por razón de lingua", en M. P. García Negro, ed. (2009), 135-158.
- _____ (2009b): "Evolución dos datos sociolingüísticos na Galiza", no prelo.